

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (ausente)
Emilio Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos
José M. Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS
Margarita González Hernández, Xefa da Sección Emprego e Programas, secretaria.

Acta da reunión celebrada ás 11:05 horas do 19 de decembro de 2012, na sala de xuntas nº 1 da Xerencia, coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez, (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CCOO)
Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

José Santiago Santos García (UXT, ausente)
Xoan Cebro Rodríguez, (CIG,)
María Fariza Novoa (CCOO, ausente)

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación acta do 27 de abril de 2012.
2. Proposta de convocatoria mediante cobertura temporal de 1 praza de Técnico Superior de Cultivos Mariños e 1 praza de Técnico Especialista de Cultivos Mariños.
3. Rogos e preguntas.

Ás 11:15 Xoan Cebro abandona a reunión.

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DO 27 DE ABRIL DE 2012.

Luis Pérez indica que na orde do día da presente reunión debería engadirse un punto para tratar o tema das prioridades con respecto ás ampliacións das listas de espera, segundo se expresaba no punto 3 da acta da sesión anterior. Ademais propón certas modificacións que son aceptadas, tras o que a acta se aprobas por unanimidade.

2. PROPOSTA DE CONVOCATORIA MEDIANTE COBERTURA TEMPORAL DE 1 PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR DE CULTIVOS MARIÑOS E UNHA PRAZA DE TÉCNICO ESPECIALISTA DE CULTIVOS MARIÑOS.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que no texto destas convocatorias se incluíu un novo parágrafo na base sexta, referido á dispoñibilidade do persoal técnico que se require para atender as instalacións da ECIMAT imprescindibles para a conservación dos animais que alí se estudan.

Manuel Marcos indica que dito parágrafo é un cheque en branco e pouco específico, ao que o Vicexerente responde que este tipo de necesidades son as habituais nesta clase de centros, de tal forma que na actualidade a atención corre a cargo dunha empresa privada; por outra parte, a Xerencia está aberta a deliberar coa parte social o importe do complemento salarial. Luis Pérez sinala as dificultades que se lle plantean para valorar o que implica ter o móbil conectado ás 24 horas do día todos os días do ano. Como xa argumentou en reunións anteriores e na comisión de política de emprego precedente a esta reunión, non vai discutir a convocatoria e volve incidir no feito de que preparar estes temarios en tan pouco tempo é moi difícil; ademais pregunta se o R.D. 1201/2005 é tamén aplicable aos peixes.

O Vicexerente reconece que os temarios son amplos, pero indica que non son ampliacións de listas de agarda senón que se trata de prazas novas. En canto aos requirimentos das normas, explica que ademais do devandito RD resulta aplicable a normativa europea que vai ampliando os requisitos e especies animais reguladas.

Ángel Torreiro solicita que se retire da convocatoria a exigencia de titulación específica (categoría B), debido a que o persoal propio da Universidade non vai poder promocionar ao non posuíla nin ter tempo material de adquirila. O Vicexerente responde que esa cuestión se estivo estudando pero que é un requisito obrigatorio que non se pode retirar da convocatoria.

Discútese varios aspectos da convocatoria, acordándose fixar un prazo de 20 días naturais para a presentación de solicitudes, modificando algunha cuestión relativa á formación e ao temario de Técnico Superior de Cultivos Mariños.

3. ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 12:00 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.